

Cun investimento que supera os 26 millóns de euros no 2019

A REMODELACION DA REDE COMERCIAL DE EROSKI ALCANZA OS 845 ESTABLECEMENTOS

- Durante o 2019 reformou 197 tendas máis, elevando así a súa rede transformada ao 64% dos seus establecementos de dominio alimentario
- Máis do 80% das vendas realizáronse na rede comercial remodelada o ano pasado
- A variedade de produtos de alimentación nas tendas transformadas incrementouse un 15%, especialmente nas seccións de frescos e ecolóxicos
- A cooperativa traballa con preto de 10.000 provedores locais, aos que lles realiza unhas compras anuais próximas aos 4.500 millóns de euros

Elorrio, 10 de xuño do 2020.- [EROSKI](#) avanza na transformación da súa rede comercial ao modelo 'contigo' que caracteriza a súa nova xeración de tendas, e alcanza xa as 845 tendas transformadas. Durante o exercicio 2019 estendeu a transformación a 197 tendas máis, cun investimento superior aos 26 millóns de euros, elevando así a súa rede transformada ao 64% dos hipermercados e supermercados, entre propios e franquizados, que operan baixo as insignias EROSKI, EROSKI City, EROSKI Center e CAPRABO.

Máis do 80% das vendas realizáronse na rede comercial remodelada durante o ano pasado. Durante os últimos anos, EROSKI deulle un forte pulo á extensión do seu modelo comercial 'contigo'. Os seus eixes céntranse nun trato máis personalizado ao cliente, nunha forte aposta polos produtos locais e frescos da tempada, na promoción dunha alimentación saudable e en novas formas de aforro na compra cotiá.

As tendas remodeladas incrementaron un 15% a súa oferta de produtos. A transformación centrouse especialmente na área de frescos, que se renova en todos os establecementos para poñer en valor a ampla variedade de produtos, e mais na aposta polos alimentos locais de tempada. *"Os nosos establecementos son plataformas abertas para a comercialización dos alimentos producidos no seu contorno. Ofrecémoslle ao consumidor un doado acceso aos alimentos producidos na súa rexión para integralos nos nosos hábitos cotiáns e asemade impulsamos un sector agroalimentario cun tecido produtivo altamente diversificado, como elemento clave para a súa sustentabilidade e contribución á economía, cultura e calidade ambiental do noso contorno,"*, explicou a directora xeral de Rede Comercial de EROSKI, Rosa Carabel.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Os produtos dietéticos e biolóxicos tamén aumentaron o seu espazo nas tendas transformadas, configurando espazos que agrupan todas as novas tendencias de alimentación. Ademais, esta sección complétase cunha ampla gama de produtos específicos para intolerancias alimentarias (glute, lactosa...) ou con produtos axeitados para unha alimentación baixa en graxas, azucre ou sal. A isto tamén se suma unha renovada sección de Perfumería-Parafarmacia máis ampla atendida por persoal con formación especializada que ofrece unha completa atención ao cliente para o coidado persoal.

Ademais, a transformación dos establecementos ofrece unha variedade máis ampla de produtos nas seccións de aceites, pastas, chocolates, téis e infusións ou coidado persoal para aumentar a liberdade de elección dos consumidores e darlles resposta ás necesidades reais dos clientes. EROSKI traballa con preto de 10.000 provedores locais, aos que lles realiza unhas compras anuais próximas aos 4.500 millóns de euros.

As tendas de nova xeración de EROSKI incorporan ademais innovacións tecnolóxicas para melloraren a súa eficiencia enerxética e reduciren o impacto ambiental atendendo ás particularidades de cada localización. Principalmente, estas innovacións concéntranse no deseño climático do establecemento e nas instalacións de frío, nos sistemas de iluminación e na minimización de residuos.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es**EROSKI – OFICINA DE PRENSA****CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)